

CONCLUSIÓNS

Conclusiones

CAPÍTULO 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2020

Primeira. En 2020 Galicia rexistrou un descenso do PIB (-8,9%) menor que o experimentado a nivel nacional (-10,8%). O PIB por habitante en Galicia en 2020 foi o 92,04% da media nacional.

Segunda. Do PIB galego en 2018 (último dato desagregado dispoñible), a provincia da Coruña xerou un 42,7% e a de Pontevedra un 34,0%. Conxuntamente, as provincias de Lugo (12,3%) e Ourense (10,9%) representan menos da cuarta parte do PIB en Galicia.

Terceira. En 2020 un 29,6 % dos fogares en Galicia non tiña capacidade económica para facer gastos imprevistos (5,8 puntos porcentuais menos ca media estatal) e un 5,9 % tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (4,8 puntos menos ca media estatal). Un 6,8% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (3,4 puntos porcentuais menos que a media estatal). Finalmente, os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2020 (11.469 euros) estaban un 6,7% por baixo da media española.

Cuarta. O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2020 os 20.871 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 16.597 millóns de euros. A diferenza foi de 4.274 millóns (en 2019 foi de 2.382 millóns de euros).

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

Primeira. En 2020 Galicia continúa a tendencia á perda de peso relativo das empresas galegas no conxunto de empresas do Estado iniciada en 2014. En concreto, a participación no recente 2020 é a menor dende 2005.

Segunda. Persiste a concentración de empresas galegas en torno ao sector servizos (79,7%) fronte ao industrial (6,1%) ou o das empresas da construción (14,2%). Obsérvase que a concentración relativa de empresas galegas industriais, de construción e comerciais é lixeiramente superior á media estatal, fronte a unha menor presenza das empresas do “resto de servizos”, cunha participación catro puntos porcentuais inferior á media do Estado.

Terceira. As empresas industriais retroceden en 2020 nun 3,7% e as empresas de servizos -sector comercio- nun 4,7%. As organizacións enmarcadas no sector de “resto de servizos”, pola súa banda, aumentan nun 1,1%, mentres que as de construción redúcense nun 5,6%.

Cuarta. Confírmase tamén a concentración da actividade empresarial nas provincias atlánticas da Coruña e Pontevedra, que achegan sete de cada dez empresas galegas. A evolución no ano 2020 confirma o dinamismo observado en 2019 da provincia pontevedresa.

Quinta. Persiste a predominancia de empresas constituídas como persoa física fronte a outras fórmulas xurídicas (un 58,4%, das empresas galegas constituídas en 2020). Igualmente, no que se refire ás empresas rexistradas como persoa xurídica, refórzase o protagonismo das empresas rexistradas baixo a figura de responsabilidade limitada (75,3% das empresas inscritas como persoa xurídica).

CAPÍTULO 3. ECONOMÍA SOCIAL

Única. O impacto do coronavirus foi relativamente menor en canto ao volume de empresas cooperativas en tres das catro provincias galegas, mentres que en Pontevedra o seu número foi maior en 2020 que en 2019. Na Coruña, produciuse, en 2020 respecto de 2019, unha diminución do número de empresas do 1,4% e do número de traballadores do 3,9%; en Lugo, esa diminución foi do 2,4% e do 2,7%, respectivamente; e en Ourense do 9,9% do número de empresas, se ben aquí o número de traballadores incrementouse nun 2%. En Pontevedra, o número de empresas cooperativas incrementouse nun 2,4%, se ben o número de traballadores empregados nelas diminuíu nun 0,3%.

En canto ás sociedades laborais, tamén en tres provincias (neste caso ás da Coruña, Lugo e Pontevedra) produciuse unha diminución no seu número e no número de traballadores empregados, mentres que en Ourense houbo un lixeiro aumento no número de sociedades laborais, acompañado dun lixeiro descenso no número de traballadores empregados.

CAP. 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

Primeira. A poboación galega diminuíu en 2020 respecto a 2019 en 5.249 persoas, ata chegar a 2.696.995 habitantes. Esta redución é notablemente superior á recollida no 2019, en boa medida porque a COVID-19 supuxo un importante aumento de mortalidade, sobre todo para as persoas en idade avanzada. Segundo o Ministerio de Sanidade, a 31 de decembro de 2020, rexistráronse en Galicia 1.397 falecidos pola COVID-19.

Segunda. A taxa bruta natalidade en Galicia en 2019 (ultimo ano con datos dispoñibles) foi dun 5,6 por 1.000 habitantes, moi por baixo da media estatal (7,1 por 1.000 habitantes). Galicia é a penúltima comunidade autónoma do Estado nesta clasificación, só por diante de Asturias. A taxa negativa de crecemento natural (ou vexetativo) de Galicia en 2019 (-5,9 por cada 1.000 habitantes) contrasta coa redución do 1,2 por cada 1.000 habitantes de España ou a diminución de 1,1 por cada 1.000 habitantes da UE27.

Terceira. A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2020 totalizou 1.224.000 persoas, 18.200 persoas menos que no mesmo período do ano anterior. A participación de Galicia na poboación activa en España en 2020 é de 5,3%, unha décima menos que en 2019. A taxa de actividade en Galicia foi do 72,4% en 2020, 1,08 puntos menos que en 2010 e 0,3 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal (72,7%). Galicia pechou 2020 con 1.081.000 persoas ocupadas, tras unha redución de emprego no último ano (15.100 postos de traballo). A participación de Galicia no total de ocupación española en 2020 mantívose practicamente na mesma porcentaxe (5,5%) que no ano anterior (5,6%).

Cuarta. A taxa de temporalidade foi en 2020 en Galicia dun 24% (26,5% en 2019). Polo tanto, a contratación indefinida en 2020 foi do 76,0% (73,5% en 2019). O 3,7% dos contratos temporais en Galicia son dunha duración inferior a un mes, o 10,4% están entre 1 e 3 meses e o 13,9% son de 4 a 6 meses. O 28,0% dos contratos temporais en Galicia ten unha duración inferior a medio ano, unha porcentaxe algo inferior ao de 2019 (30,1%).

Quinta. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou un descenso no número de empresas formadoras e na duración media dos cursos, e no número de participantes, horas de formación, crédito disposto e nos permisos individuais de formación, se o comparamos con 2019, o único aumento estivo na formación en liña ou teleformación pola situación COVID-19. O número de mulleres (45%) participantes segue sendo inferior ao de homes (55%).

Sexta. A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia, concéntranse maioritariamente no sector servizos chegando ao 65,7% en Galicia e ao 72,9% no conxunto do Estado. Destaca igualmente Galicia cun maior número de horas no sector da industria comparándoa con conxunto do Estado.

CAPITULO 5. MULLER E MERCADO LABORAL

Primeira. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (46,9% de mulleres en 2020), unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (63,5%) e un menor uso de contratos indefinidos, chegando en 2020 ao 46,4%, mellorando respecto ao ano anterior.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como o de interinidade (72,3%), que o contrato para a formación volve a superar os realizados con homes e o de prácticas é inferior no grupo de mulleres. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Segunda. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 20,5% inferior ao do home e o 41,6% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional, apréciase unha leve melloría sobre o ano 2019.

Terceira. O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 88,6% das recibidas polos homes, un 11,4% menos, mellorando con respecto ao ano anterior. De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 73% das pensións do grupo de homes, pequena melloría sobre o ano anterior.

Cuarta. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 76,6% dos casos. Porcentaxes aínda máis altas danse nas excedencias por coidado de fillas e fillos (88% de mulleres) pequena melloría sobre o ano anterior. Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e persoas enfermas, incapacitadas ou maiores, a maioría son mulleres.

CAPÍTULO 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

Primeira. A partir do mes de marzo de 2020, prodúcese un descenso significativo no número de empresas inscritas na Seguridade Social paralelo ao forte descenso da actividade económica por mor da pandemia. Este descenso maniféstase en todos os tamaños e sectores. Aínda que a partir de maio comeza unha lenta recuperación, os datos ao remate do ano seguen a ser máis baixos que no ano 2019. A mesma reflexión pódese facer respecto de persoas traballadoras estranxeiras e respecto de afiliacións e altas na Seguridade Social, que baixan respecto do ano anterior.

Segunda. A 31 de decembro de 2020, o 73,57% das empresas de Galicia que contan con persoas asalariadas pertencen ao sector servizos, dando ocupación ao 71,85% das persoas traballadoras (no ano 2019 eran o 74,27% e daban ocupación ao 72,06%). Descende o número total de empresas en 2020 en 3.073 empresas menos. O descenso prodúcese nas empresas con persoas asalariadas (-2.754) e nas autónomas sen persoal asalariado (-311). Sendo as empresas organizadas xuridicamente baixo a fórmula de persoa xurídica o 60,77% do total, empregan ao 90,60% das persoas traballadoras por conta allea (89,83% en 2019).

Terceira. Rómponse a tendencia á alza dos cinco anos anteriores respecto do número de persoas afiliadas á Seguridade Social, sen chegar aínda, no caso de Galicia, ás cifras de 2010 (primeiro ano que se recolle no correspondente cadro evolutivo), e situándose en parámetros un pouco superiores a 2017. O descenso de persoas afiliadas en 2020 sitúase principalmente no réxime xeral. Por sectores, a meirande parte das persoas traballadoras afiliadas e en alta sitúanse no sector servizos, seguido de industria, construción e agrario, por esa orde. Descende en máis de vinte mil o número de contratos realizados con persoas traballadoras estranxeiras, o 68,84% no sector servizos e maioritariamente baixo fórmulas de contratación temporal. Das contratacións a persoas estranxeiras en 2020, descende proporcionalmente de forma máis acusada a contratación de persoas comunitarias.

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

Primeira. Rómpeuse a tendencia de cinco anos medrando o número de contratacións, ao descender no ano 2020 en máis de 330.000 contratos, un descenso sen precedentes. A modalidade contractual máis empregada foi a de eventuais por circunstancias da produción (o 46,81% con mulleres), baixando en 118.409 contratos respecto do ano anterior. Baixa a contratación indefinida ordinaria por segundo ano con 11.022 contratos menos (un 54,91% con homes e un 45,09% con mulleres). As contratacións indefinidas representaron en 2020 en Galicia o 5,04% do total da contratación realizada (case medio punto por riba do ano anterior, e segue a ser máis baixa que no conxunto do Estado).

Segunda. A rotación das persoas asalariadas galegas (número de contratos eventuais que, por termo medio, se realizan con cada persoa con contrato temporal) alcanzou os 2,98 contratos no caso das mulleres e os 4,14 nos homes en 2020. A media en España foi de 3,10 no grupo de mulleres e de 4,13 no de homes. Mantense unha elevada porcentaxe de contratos temporais, especialmente no colectivo feminino, mais diminúen as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2020 e 2019. Seguen existindo determinadas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade ou os realizados a tempo parcial, e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, só no sector servizos a contratación das mulleres supera a dos homes.

CAPÍTULO 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Primeira. A 31 de decembro de 2020 existen en Galicia 1.038 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, dos cales 126 son de sector e 912 de empresa.

Asináronse por primeira vez este ano 6 convenios de empresa que afectan a 279 persoas traballadoras, das que 131 son homes e 148 mulleres.

Segunda. Durante o ano 2020 asináronse e/ou revisáronse 82 convenios colectivos (54 convenios asinados e 28 revisados), dos que 20 son de sector (9 convenios asinados e 11 revisados) e 62 son de empresa (45 convenios asinados e 17 revisados).

Afectaron estes convenios a 80.601 persoas traballadoras, das que 55.070 son homes e 25.531 mulleres.

Terceira. O incremento salarial pactado (media ponderada) nos convenios asinados e revisados este ano en Galicia foi do 1,61%, media superior ao IPC galego (-0,4%) e ao estatal (-0,5%).

Recollen cláusulas de revisión salarial o 29,63% dos convenios asinados e o 10,71% dos revisados este ano.

Teñen pactos de ultraactividade o 74,07% dos convenios asinados neste ano (o 88,89% dos de sector e o 71,11% dos de empresa).

A xornada media pactada (media ponderada) no ano 2020 foi de 1.758,10 horas, sendo nos convenios de empresa de 1.715,15 horas e nos de sector de 1.765,23 horas.

O 74,07% dos convenios colectivos asinados no ano 2020 establecen unha xornada anual inferior á máxima legal (8 convenios de sector e 32 de empresa).

Cuarta. Rexistráronse en 2020 en Galicia 12 inaplicacións de convenio que afectan a 476 persoas traballadoras, das que 314 son homes e 162 mulleres. As condicións de traballo que se inaplican refírense maioritariamente á contía salarial (91,67%), sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (66,67%).

No 75% a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 25% está constituída pola representación legal dos traballadores/as.

Non acudiron en ningún caso á mediación do AGA nin á decisión do órgano tripartito.

Conclusións

O 50% das inaplicacións rexistradas en 2020 teñen lugar en empresas que teñen entre 6 e 30 persoas traballadoras e o 33,33% en empresas que teñen entre 1 e 5.

Quinta. No ano 2020 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 39 convenios, o 72,2% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 46.224 persoas traballadoras (o 95,8%), das que 35.270 son homes e 10.954 mulleres.

O número de mulleres que participou nas comisións negociadoras foi de 37 por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 26% fronte a 106 homes, un 74%) e 83 por parte das organizacións sindicais (un 27% fronte a 227 homes, un 73%).

CAPÍTULO 9. A SINISTRALIDADE LABORAL

Primeira. A pandemia provocada polo coronavirus, que afectou de xeito moi importante á actividade económica e ao emprego, tivo unha incidencia directa nos niveis de sinistralidade laboral, que se viu reducida de xeito substancial, salvo no caso dos accidentes de traballo mortais. Ademais, foi necesario reformar a lexislación para acoller, entre as prestacións económicas da Seguridade Social, as derivadas dunha nova continxencia profesional, en determinadas situacións e para concretos colectivos profesionais que prestasen servizos en específicas actividades.

Segunda. En 2020, os accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (24.962) supoñen unha baixada do 21,1% respecto dos de 2019 (31.628). En España, esa baixada foi do 20,7%. No caso dos accidentes de traballo graves (399 en Galicia e 3.643 en España, en 2020, fronte aos 496 en Galicia e os 4.335 en España, en 2019), a baixada foi do 19,6% en Galicia e do 16% en España. Mentres que para os accidentes mortais (54 en Galicia e 634 en España, en 2020, fronte aos 56 en Galicia e 558 en España, en 2019), Galicia experimentou unha baixada apenas perceptible do 3,6%, no conxunto estatal produciuse un incremento do 13,6%. Ese total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia supón un 5,6% do total estatal, a mesma porcentaxe que en 2019. Non obstante, os accidentes graves (399) supoñen o 10,9% dos acontecidos en toda España (o 11,4% en 2019), e os mortais (54) o 8,5% (o 10% en 2019).

Terceira. Analizando as cifras de accidentes ocorridos en xornada de traballo con baixa en todas as comunidades autónomas, Galicia ocupou, en 2020, o sexto lugar en número total de accidentes (en 2018 e 2019, ocupara a quinta posición) e o quinto lugar en accidentes leves (ao igual que en 2018 e 2019), precedida, neste último caso, por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid (tamén igual que en 2018 e 2019); o terceiro lugar no que atinxe aos accidentes graves, precedida neste caso tan só por Andalucía e Cataluña (de novo, igual que en 2018 e 2019); e o quinto lugar no que ten que ver cos accidentes mortais (en 2018 e 2019 ocupara o cuarto lugar), precedida aquí a nosa comunidade autónoma por Andalucía, Castela e León, Cataluña e Comunidade Valenciana. Respecto dos índices de incidencia, en Galicia, nos últimos seis anos, coa única excepción de 2017, o seu índice de incidencia para o total de accidentes de traballo tivo un mellor comportamento que o da maioría das demais comunidades autónomas.

CAPÍTULO 10. CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABAJO

Primeira. No ano 2020, o impacto da pandemia reflíctese de forma moi intensa respecto do ano anterior. Cae o número de folgas case ata a metade (de 898 a 487), o número de participantes cae en 112.958 persoas e as xornadas non traballadas diminúen en 317.822 xornadas. O maior número de participantes en moitas autonomías corresponde ao sector servizos (exceptúase por exemplo: Andalucía, Cataluña e Galicia). No caso de Galicia, o sector da industria supera en moito o número de participantes (fronte ao ano 2019 que eran un terzo menos que no sector servizos), pero en xornadas non traballadas é moi superior a cifra do sector servizos, que case multiplica por seis ás xornadas non traballadas na industria. Se durante 2019 foron realizadas 74 folgas, 67 provinciais e 7 autonómicas, no ano 2020 redúcese o número a 26 folgas (21 provinciais e 5 autonómicas).

Segunda. No que se refire ao AGA, no ano 2020 iniciáronse 81 expedientes (8 menos que no ano anterior e 27 menos que hai dous anos), que afectaron a 584 empresas, (117 menos que no ano anterior) e 66.506 persoas traballadoras (case 50.000 máis que o ano anterior). Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2020 foi do 75%, unha porcentaxe idéntica á acadada o ano anterior. O 87,9% destes procedementos foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 21.308 persoas traballadoras e 579 empresas. O 12,1% restante foron arbitraxes que afectaron a 1.410 persoas traballadoras e 4 empresas.

CAPÍTULO 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

Primeira. As persoas afectadas en computo global das catro provincias galegas en 2020, aumentaron un 756,6%. Este aumento dáse a partir de marzo como consecuencia da COVID-19.

En relación co tipo de medida o aumento destaca na medida de suspensión e redución de xornada como consecuencia da COVID-19, xa que na de despedimento colectivo dáse un descenso.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector servizos, seguido do sector de construción e o menor incremento está na industria.

Desagregando por sexo, hai máis homes afectados que mulleres, sendo a diferenza moi pequena (49,5% mulleres y 50,5% homes). Por provincias o primeiro lugar ocúpao A Coruña seguida de Pontevedra.

Segunda. En Galicia redúcese o número de persoas afectadas polas resolucións do Fogasa nun 15%, mentres no conxunto do Estado a redución do número de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa, foi un 11% menos en 2020, con respecto a 2019. A provincia galega máis afectada por estas resolucións foi Lugo, que é a única que aumenta o número de persoas afectadas, nas outras tres redúcese.

CAPÍTULO 12. PROTECCIÓN SOCIAL

Primeira. Galicia é unha das comunidades autónomas con maior porcentaxe de pensionistas (8,0% do total en 2020) unha ratio moi superior ao que representa a poboación galega no total do Estado (5,7%). En relación coa contía percibida, a pensión media en Galicia entre 2010 e 2020 incrementouse en 214,1 euros, mentres que a suba na media do Estado foi de 238,48 euros.

Segunda. En 2020 en Galicia computáronse 480.700 pensións de xubilación, 200 máis que en 2019. A media en 2020 das pensións galegas de xubilación situouse en 987,1 euros mensuais, subindo 26,1 euros con respecto a 2019. A media estatal incrementábase en 2020 en 28 euros, situándose en 1.171,5 euros, isto é, 184,4 euros por riba da media galega. As provincias de Lugo e Ourense, polo importante número de pensións de xubilación do sistema especial agrario, aparecen ambas as dúas cunha diferenza con respecto a media estatal de 297,9 euros no primeiro caso e 347,9 no segundo.

Terceira. As 143.334 persoas beneficiarias das prestacións de desemprego en decembro de 2020 supoñen o 4,8% do total español, practicamente a mesma ratio que en 2019 (4,7%). O 63,3% perciben unha prestación contributiva (45,9% en 2019), o 32,2% unha asistencial (46,2% en 2019) e o 4,5% restante a renda activa de inserción (7,9% en 2019). Pola súa banda, as 2.974.850 persoas beneficiarias en España en decembro de 2020 (1.113.750 máis que en 2019) distribúense nunha proporción do 65,4% que perciben a prestación contributiva, o 29,9% a asistencial e o 4,7% o programa de activación para o emprego.

Cuarta. Galicia foi en 2019 a sexta comunidade autónoma con maior número de pensións non contributivas, despois de Andalucía, Canarias, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid. As persoas perceptoras de pensións non contributivas en 2020 representan o 8,5% do total estatal, moi por riba de comunidades autónomas con moito maior número de habitantes que Galicia, como pode ser o caso da Comunidade de Madrid.

CAPÍTULO 13

Única. Nos procesos electorais en Galicia do período 2017/2020, a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 29,67% do total de persoas elixidas, é a que obtivo maior número de representantes, seguida polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 26%; e da Unión Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), co 25,41%. O resto de entidades sindicais obtiveron un resultado global que non chegou ao 19%.

Ademais, no período reflectido, a CIG é primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, e terceira en Lugo e Ourense. CCOO foi primeira forza en Lugo e segunda na Coruña, Ourense e Pontevedra; mentres que UGT resultou ser primeira forza sindical en Ourense, segunda en Lugo e terceira na Coruña e Pontevedra.